

COMISIÓN DE MODIFICACIÓN DA MEMORIA DO GRAO EN QUÍMICA - CURSO 2017/2018

RESUMO DA REUNIÓN DO 19/01/2018

1. Revisouse o resumo da reunión do 15/12/2017 e a comisión deu o visto bo para a súa publicación da páxina web da Facultade.

2. Comezouse a revisión das fichas das materias de primeiro curso. Seguindo as recomendacións do Vicerreitorado de Organización Académica, elaborárase unha ficha para cada unha das materias que teñen que cursar os estudantes do Grao en Química.

De xeito xeral, tentárase redactar fichas que conteñan descricións xerais dos contidos das materias, xa que se estes deberán desenvolverse con detalle no momento de elaborar as Guías Docentes.

Ademais tentárase redactar resultados de aprendizaxe que reflictan o que deben ser capaces de facer os estudantes tras cursar cada materia coa axuda da Guía de Apoyo para la Redacción, Práctica y Evaluación de Resultados de Aprendizaje publicada pola ANECA. Neste sentido, tentárase que o número de resultados de aprendizaxe de cada unha das materias non sexa moi elevado.

Por último, empregárase a Guía de Metodoloxías da Universidade de Vigo para definir e incluír as actividades formativas e os métodos de avaliación nas fichas das materias.

Ignacio Pérez Juste